

INSTANCIA: PROCESO SELECTIVO PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTAXE DE CONTRATACIÓN TEMPORAL DE AUXILIARES ADMINISTRATIVOS-AS PARA POSIBLES COBERTURAS PUNTUAIS DE POSTOS EN CASOS DE URXENTE NECESIDADE.

(Cubrir en maiúsculas todos os campos)

Datos da persoa aspirante

D/D. ^a		DNI núm.
Enderezo para notificacións (rúa, núm., escaleira, piso, letra, parroquia)		
Concello e Provincia	Código Postal	Teléfono/s

EXPÓN:

Que desexa participar no proceso selectivo de: (marque o recadro que proceda)	<input type="checkbox"/> Auxiliar Administrativo/a
--	--

A tal fin, ACHEGO a seguinte documentación:

- Fotocopia cotexada do documento identificador
- Copia cotexada do título do Celga 3 ou o equivalente debidamente homologado
- Anexo II declaración responsable sobre os requisitos mínimos establecidos nas bases.
- Documento acreditativo do grado de minusvalía superior ao 33%, e solicitude de adaptación en tempo e/ou en medios para a realización dos exercicios en que esta adaptación sexa necesaria.

Outros documentos:

Polo exposto **SOLICITO**, previos os trámites oportunos, se me inclúa no mencionado proceso selectivo.

Rianxo, ____ de decembro de 2016

Sinatura do solicitante ou representante
(achégase autorización asinada ou poder notarial)

**Regulación a ter en conta neste proceso
(o texto íntegro das bases atópanse a disposición dos aspirantes)**

Sistema de selección (segundo o punto 5 das bases):

5. OPOSICIÓN (PUNTUACIÓN MÁXIMA: 20 PUNTOS)

O apartado de oposición constará de dous exercicios:

5.1 Exame tipo test: (puntuación máxima 10 puntos)

Este exercicio terá carácter eliminatorio, e, para superalo, será necesario obter cando menos a metade da puntuación máxima prevista neste. Consistirá en contestar por escrito a un cuestionario, tipo test, de 40 preguntas con respostas alternativas baseadas no contido do programa que se xunta como anexo I da convocatoria durante un período de 60 minutos. Nesta proba cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada.

5.2 Proba práctica (puntuación máxima 10 puntos)

Este exercicio terá carácter eliminatorio, e, para superalo, será necesario obter cando menos a metade da puntuación máxima prevista neste. Consistirá na realización dun ou varios supostos prácticos relacionados coas funcións dos AUXILIARES ADMINISTRATIVOS/AS.

5.3 Exercicio de galego: APTO ou NON APTO

Este exercicio o realizarán aqueles aspirantes que resulten seleccionados e os suplentes que non estean exentos da realización deste, é dicir, que non contén co certificado expedido polo órgano competente. O exercicio consistirá en manter unha conversa no idioma galego na que o aspirante amose o seu coñecemento da lingua galega. O tempo mínimo para a realización de dita proba será de 5 minutos.

Realización do proceso:

- 1) Publicación do anuncio (10/12/2016)
- 2) Presentación das instancias no Rexistro xeral do Concello no prazo de 5 días hábiles desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria (ata o día 16/12/2016, incluído). No suposto de presentarse a instancia fóra do rexistro xeral do Concello, sexa nalgún rexistro autorizado da Xunta de Galicia ou nalgunha oficina de correos, será necesario adiantala por fax ao núm. 981.866.628, antes do remate do prazo, para que sexan tidas en conta. De recibirse ditos avisos esperarase un máximo de cinco días hábiles para a recepción efectiva da documentación; pasado este prazo elaborárase a lista de persoas admitidas e excluídas.
- 3) As persoas candidatas con discapacidade cun grao de minusvalía igual ou superior ao 33% deberán indicalo expresamente na solicitude, especificando claramente o tanto por cento de discapacidade recoñecido, e deberán axuntar ditame técnico facultativo emitido polo órgano técnico de valoración que ditaminou o grao de minusvalía.
- 4) Publicación no taboleiro de anuncios do Concello, no sitio web municipal e na sede electrónica das listaxes provisionais de persoas admitidas e excluídas e composición do tribunal nos dez días seguintes ao remate do prazo de presentación de instancias.
- 5) Prazo de reclamacións: 3 días hábiles
- 6) Publicación no taboleiro de anuncios do Concello, no sitio web municipal e na sede electrónica da resolución das reclamacións, das listaxes definitivas de persoas admitidas e excluídas, lugar, data e hora de realización das probas.

Información completa do proceso: Taboleiro de anuncios do Concello, sitio web municipal concelloderianxo.gal e Sede electrónica sede.concelloderianxo.es.